



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

ZONA CENTRO
Alferez Provisional 5-1º
Teléfono: 981 182 626 – Fax: 981 182 625
www.portosdegalicia.com
15006 A CORUÑA



ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

PREGO DE BASES POLAS QUE SE REXERÁ A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓNS DE ATRAQUE NOS PANTALÁNS DE PORTOS DE GALICIA DO PORTO DE CAMARIÑAS.

CONVOCATORIA PARA EMBARCACIÓNS DEPORTIVAS (7ª LISTA)

ÍNDICE:

CAPÍTULO I DO PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE ATRAQUE.

ANEXOS:

I - PREGO DE CONDICIÓN DAS AUTORIZACIÓNS

II.- IDENTIFICACIÓN DAS PRAZAS DE ATRAQUE OBXECTO DA CONVOCATORIA.

III – MODELO DE INSTANCIA DE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN.



PREGO DE BASES POLAS QUE SE REXERÁ A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓNS DE ATRAQUE NOS PANTALÁNS DE PORTOS DE GALICIA DO PORTO DE CAMARIÑAS.

CONVOCATORIA PARA EMBARCACIÓNS DEPORTIVAS (7ª LISTA)

CAPÍTULO I

DO PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE ATRAQUE

1.- PROCEDEMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE ATRAQUE

As autorizacións de atraque obxecto deste prego adxudicaranse mediante convocatoria pública, de conformidade co procedemento establecido neste Prego de Bases e no prego de condicións incluído no Anexo I.

2.- TIPOS DE PRAZAS E TARIFAS A SATISFACER POLOS ADXUDICATARIOS

A presente convocatoria ábrese unicamente para embarcacións deportivas (7ª lista) e as prazas vacantes son as seguintes:

Número de prazas	Dimensións nomináis das prazas de atraque (lonxitude x anchura)	Dimensións máximas das embarcacións (eslora x manga)
7	6 m x 2,50 m = 15,00 m ²	6 m x 2,10 m
12	8 m x 3,00 m = 24,00 m ²	8 m x 2,60 m

A identificación e situación das distintas prazas reflíctese no plano engadido no Anexo II do presente Prego de Bases.

Portos de Galicia, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, poderá, se así o estima conveniente, modificar as dimensións e emprazamento das prazas para adaptar a distribución das mesmas ó resultado da convocatoria. Asemade, se como resultado da convocatoria fose necesario ampliar ou reducir a oferta de prazas de amarre, redistribuílas, renumeralas ou variar a súa posición, poderá facelo de maneira xustificada e conservando as características xerais das prazas, tendo dereito o solicitante que se vira afectado polas modificacións a renunciar á autorización adxudicada sen dereito a indemnización algunha.



O adxudicatario deberá abonar a Tarifa portuaria vixente en cada momento de aplicación ás embarcacións deportivas e de recreo (Na actualidade a Tarifa X-5 das contempladas na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. D.O.G. nº 240, do 11 de decembro de 2003).

Para o abono da tarifa X-5 considerárase que a embarcación ten base no porto, polo que en virtude da regra sétima da citada Lei 6/2003, esixírase ó concesionario o pago por semestres naturais adiantados da tarifa mediante domiciliación bancaria.

Se no futuro existise fornecemento de auga ou enerxía nos pantaláns a través de tomas, o titular deberá abonar, ademais da tarifa X-5 citada anteriormente, a correspondente a este tipo de fornecementos (na actualidade a tarifa E-3)

3.- PRAZO DAS AUTORIZACIÓNS

As autorizacións de atraque adxudicaranse polo prazo indicado no prego de condicións engadido no Anexo I.

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

4.1.- As persoas ou entidades que desexen solicitar as autorizacións de atraque obxecto deste prego deberán dirixir ó Ente Público Portos de Galicia unha solicitude conforme ó modelo que se incorpora a este prego como ANEXO III, acompañadas da documentación que se sinala a continuación. As solicitudes, acompañadas de dita documentación, presentaranse no Rexistro da Zona Centro de Portos de Galicia, ou na forma indicada no artigo 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, pero en todo caso deberá acreditarse a data e hora de presentación da solicitude.

A data de inicio do prazo de presentación de solicitudes indicárase no anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia, e Portos de Galicia resérvase o dereito de pechalo cando así o estime oportuno, rexendo en todo caso as condicións previstas nesta convocatoria e sen prexuízo das actualizacións dos prezos sinaladas no prego de condicións que rexe a mesma.

Nembargantes, e a efectos de regularizar e adxudicar as autorizacións de atraque segundo se van recibindo solicitudes, cada mes se realizará unha preasignación e posterior adxudicación das solicitudes que se recibiran durante ese período; contando, a efectos de prioridade, o sinalado na condición 5ª do presente prego de bases entre as solicitudes recibidas ata ese período concreto.



4.2.- Documentación a presentar.

Xunto coa solicitude, os solicitantes deberán presenta-la seguinte documentación:

1.- Documentos que acrediten a personalidade do solicitante, consistente en:

- Se é persoa física: Copia do D.N.I. e N.I.F.
- Se é persoa xurídica: escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, mediante a escritura ou documento de constitución, modificación, estatutos ou acto fundacional no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial. Neste caso, as persoas que asinen a solicitude en nome da persoa xurídica, deberán acredita-la representación ca que actúan mediante poder bastanteado ó efecto por letrado da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

2.- Certificación actualizada da folia de asento e copia compulsada do certificado de navegabilidade da embarcación que utilizará a praza solicitada, nos que figuren como mínimo os datos seguintes: nome da embarcación, folio, propietario e dimensións. (No caso de que estea en trámites de actualización deberá presentarse o xustificante conforme se está tramitando dita actualización en Capitanía Marítima). Para que a Folla de Asento se considere actualizada deberá estar certificada pola Capitanía Marítima cunha anterioridade máxima dun ano contado a partir da data de publicación no Diario Oficial de Galicia do anuncio da convocatoria.

3.- Copia compulsada do certificado que acredite o abono do seguro de responsabilidade civil da embarcación con vixencia no período onde se formalice a solicitude.

4.- Impreso de domiciliación bancaria, con selo do banco ou caixa correspondente.

Os que resulten adxudicatarios de prazas deberán presentar, no prazo de dez días desde que se lle comunique a adxudicación, o impreso cuberto para a domiciliación bancaria das tarifas portuarias que se lle proporcionará. Unha vez cumprido este requisito se outorgará a autorización. O incumprimento deste requisito suporá a anulación da adxudicación.

Os interesados que non dispoñan de embarcación non poderán solicitar unha autorización de atraque

5.- SELECCIÓN DOS ADXUDICATARIOS

A orde de prioridade na selección e adxudicación das autorizacións de atraque solicitadas virá determinada polas seguintes consideracións indicadas por orde preferente:



1º.- Aquelas embarcacións que, sendo presentadas as solicitudes en prazo e correctamente, non dispoñan de ningunha outra praza de atraque en ningún porto galego.

2º.- Data e hora de presentación das correspondentes solicitudes. Se por calquera causa non se acreditase a hora na solicitude polo organismo oficial correspondente, computarase como hora de entrada en rexistro as 14:00 h.

As solicitudes que non presenten toda a documentación esixida na base 4 non serán tidas en conta. En caso de que se presenten solicitudes coa documentación incompleta, e esta se complete posteriormente, a data e hora que se considerará para a selección será a do rexistro da última documentación presentada.

Os solicitantes que non poidan obter unha autorización de atraque poderán acceder a unha lista de espera, das que se formará unha por cada categoría de prazas existentes no porto, para a adxudicación das prazas de atraque que poidan quedar posteriormente dispoñibles por calquera motivo.

6.- ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE ATRAQUE

Á vista das solicitudes presentadas e dos criterios propios da axeitada explotación portuaria, Portos de Galicia adxudicará as correspondentes autorizacións de atraque, previos ós trámites que procedan. Asemade, no intre en que Portos de Galicia adxudique as autorizacións de atraque, procederase á liquidación con cargo en conta da taxa portuaria correspondente segundo o disposto na Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

7.- POSTA A DISPOSICIÓN DAS PRAZAS.

As prazas entregaranse no intre en que sexa outorgada a autorización de atraque.

A Coruña, 30 de abril de 2007

**O ENXEÑEIRO XEFE DA ZONA CENTRO
DE PORTOS DE GALICIA**

Asdo.: Alejandro Rey Seoane